# GUÍA BÁSICA

PROXECTO PFPP

# ÍNDICE


INTRODUCIÓN 3

SOLICITUDE 3

- Detección necesidades 4
- Datos da Actividade 5
- Liñas de Traballo 7
- Itinerarios 7
- Actividades 12
- Equipo de Formación 17
- Participantes 18
- Indicadores 20
- Medidas 23

PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN 24

## INTRODUCIÓN

O presente documento ten como obxecto guiar na elaboración dun proxecto PFPP, así como puntualizar aquelas instrucións establecidas pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que se deben ter en conta no mesmo.

## SOLICITUDE

Unha vez que a preinscrición sexa aprobada polo CFR, xa ten a opción de completar a solicitude.

1. Para acceder á solicitude:
   - Acceder ao apartado **CONVOCATORIAS**.
   - A solicitude aparecerá con estado **ACEPTADA** e a opción **COMPLETAR**.




2. Premer a opción **COMPLETAR**.
3. Accederase a seguinte sección cos seguintes apartados:




Por defecto, a primeira vez que se accede a esta sección, aparecerá no apartado **Datos da actividade**, pero débese cubrir en primeiro lugar o apartado **Detección necesidades.**

***Detección necesidades***







- No caso de que sexa a primeira vez que se presenta un PFPP, en cada un dos anteriores apartados indícanse unha serie de ítems que serven de referencia para cumprimentalos.
- No caso de que se trate dun PFPP de continuidade, estes apartados aparecen xa cumprimentados co xa indicado no curso académico anterior. Só sería necesario actualizar os datos necesarios.

Unha vez finalizado, premer **GARDAR**.

## *Datos da Actividade*

Neste apartado indícanse os datos principais do PFPP, tal e como se indica nas seguintes imaxes:




NOTA: Os cadros sombreados non son modificables.




Data de inicio: **Data de aprobación de PFPP**. Será comunicada pola persoa asesora.
Data fin: **31 de maio de 2025**

Ao finalizar premer **SÓ GRAVAR**.

## *Liñas de Traballo*

Deberían aparecer por defecto marcadas, de acordo solicitado a través da preinscrición presentada. Porén, poden modificarse neste apartado, marcando os que correspondan.




## *Itinerarios*

Neste apartado débense indicar os itinerarios que se van a traballar.
Deberanse seguir os seguintes pasos:




Premer **Engadir**

Aparecerá a seguinte sección, na que se deben cumprimentar os datos necesarios, tal e como se indica na imaxe.




Ao rematar premer **Gravar** e **Volver**

Realizar a mesma operación co segundo itinerario, de ser o caso, tal e como se indica na seguinte imaxe:




Premer **Gravar** e **Volver**



Aparecerán os dous itinerarios creados, tal e como se indica na seguinte imaxe:




Tal e como se pode ver os itinerarios creados pódense editar, premendo **Modificar** ou **Eliminar.**

| LIÑAS DE TRABALLO | ITINERARIOS | TÍTULOS (EXEMPLOS) |
|---|---|---|
| **DIDÁCTICA** | Deseño curricular | DUA para a atención á diversidade do alumnado<br>Metodoloxías didácticas<br>Biblioteca escolar<br>Lectura<br>Información e aprendizaxe<br>Iniciativas formativas no ámbito STEM<br>Fomento da creatividade e o emprendemento<br>Polos creativos |
| | Metodoloxías activas | |
| | Lectura, escritura e tratamento da información | |
| | Deseño e desenvolvemento de proxectos STEM | |
| | Polos creativos | |
| **DIXITAL** | Dixitalización do centro e da comunidade educativa | Educación dixital<br>Transformación dixital dos centros<br>Plan Dixital do centro<br>Competencia dixital docente<br>Contidos educativos dixitais<br>Espazos virtuais para o traballo en rede |
| | Contidos educativos dixitais | |
| | Metodoloxías dixitais | |
| **INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN** | Innovación | Plans de mellora dos centros: xestión de calidade<br>Adecuación de espazos ao Plan de Arquitectura Pedagóxica.<br>Optimización da práctica docente: ObservAcción |
| | Investigación | |
| **CONVIVENCIA E INCLUSIÓN** | Convivencia escolar e coeducación | Mellora de convivencia e benestar emocional<br>Relación coas familias<br>Centros saudables<br>Desenvolvemento sostible |
| | Inclusión educativa | |
| **COMUNICACIÓN E PLURILINGÜISMO** | Comunicación | Programas de plurilingüismo e Internalización<br>Competencia comunicativa en linguas maternas e estranxeiras<br>Tratamento integrado das linguas<br>Participación en proxectos europeos.<br>Aprendizaxe colaborativa e cidadanía global |
| | Internacionalización | |

## *Actividades*

Existen 3 tipos de actividades que se poden desenvolver nun PFPP, indicadas a continuación e das que se destacan as súas principais características:

<u>SEMINARIO</u>: (**De 8 a 20 participantes**)

- Duración de un mínimo de **20 horas** a un máximo **50 horas**.
- Ata un máximo dun **20 %** do total das horas do seminario pode ser **non presencial (en rede ou individual)**, pero debe constar nas actas da actividade como **Traballo Individual.**
- Ata un máximo dun **30 %** do total das horas do seminario pode ser para **docencia**, pero debe constar nas actas da actividade como tal.

<u>GRUPO DE TRABALLO</u>: (**de 3 a 10 participantes**)

- Duración de un mínimo de **20 horas** a un máximo **50 horas**.
- Ata un máximo dun **30 %** do total das horas do grupo de traballo pode ser **non presencial (en rede ou individual)**, pero debe constar nas actas da actividade como **Traballo Individual.**
- Ata un máximo dun **20 %** do total das horas do grupo de traballo pode ser para **docencia**, pero debe constar nas actas da actividade como tal.

<u>CURSO</u>:

- Duración **mínima de 8 horas**. (recomendable un máximo 12 horas).
- A totalidade das horas son dedicadas exclusivamente para **docencia**.
- Debe ir **vinculado a un Seminario ou Grupo de Traballo** segundo a súa temática.
- Un participante que se inscriba nun curso, debe **obrigatoriamente participar no Seminario ou Grupo de traballo vencellado**. De non ser así, **non certificará** as horas do curso.




Para cada actividade deben indicarse as súas correspondentes **Competencias profesionais e Subcompetencias.**

Estas competencias están vinculadas ás liñas de traballo tal e como se indica nas seguintes táboas:

### Competencia didáctica

- ✓Xestión coñecemento
- ✓Secuenciación e planificación
- ✓Espazos, recursos e materiais de aprendizaxe
- ✓Acompañamento e avaliación
- ✓Didácticas específicas e metodolóxicas
- ✓Acción titorial e orientación pedagóxica, académica e profesional

### Competencia comunicativa

- ✓Comunicación verbal
- ✓Comunicación non verbal
- ✓Mediación lingüística. Recursos e estratexias de apoio
- ✓Sentido estético, dramático e capacidade de emocionar
- ✓Linguas maternas e estranxeiras

### Competencia dixital

- ✓Compromiso profesional
- ✓Recursos Dixitais
- ✓Ensino e aprendizaxe
- ✓Avaliación
- ✓Capacitación do alumnado
- ✓Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado

### Competencia en desenvolvemento profesional

- ✓Compromiso e capacidade de motivar
- ✓Reflexión analítica sobre a práctica docente e xestión da crítica e da retroacción
- ✓Investigación educativa e innovación
- ✓Planificación e xestión do desenvolvemento profesional

### Competencia en organización escolar e colaboración

- ✓Coñecemento da normativa actualizada
- ✓Xestión de centro e calidade
- ✓Deseño, coordinación e execución de propostas
- ✓Traballo en equipo
- ✓Liderado distribuído

### Competencia en saúde, seguridade e benestar

- ✓Xestión e promoción do benestar e desenvolvemento emocional
- ✓Xestión (e promoción) do benestar e desenvolvemento físico
- ✓Xestión (e promoción) da conservación e protección do benestar na súa contorna inmediata
- ✓Detección e xestión de situacións de risco

### Competencia inclusiva, social e cidadá

- ✓Convivencia, mediación e resolución de conflitos
- ✓Inclusión e igualdade
- ✓Xustiza social e valores
- ✓Conciencia e expresión cultural
- ✓Internacionalización
- ✓Educación para o desenvolvemento sostible

Para indicar as Competencias e Subcompetencias profesionais, só hai que seleccionar do listado as que correspondan, tal e como se indica nas seguintes imaxes:







Finalmente, débese indicar o nivel competencial que a maioría dos participantes teñen na temática a tratar:




Unha vez que os apartados anteriores sexan incluídos, deberanse establecer os datos que se indican nas seguintes imaxes:







Unha vez engadidos os contidos, aparecerán relacionados tal e como se pode ver. Poden ser editados, seleccionando o contido correspondente, premendo **Editar**. Unha vez editado, premer **Modificar** para gardar os cambios. Finalmente, tamén se poden eliminar, premendo **Borrar.**

Cando todos os campos da actividade están completos premer **Gravar** e despois **Volver,** para volver a páxina principal Actividades.




As actividades creadas aparecerán relacionadas tal e como se indica anteriormente, tendo as opcións de **Ver**, **Modificar** ou **Eliminar** as mesmas.

## *Equipo de Formación*

O Equipo de Formación está formado por:

- Director/a
- Coordinador/a de formación, se houber, ou o/a Xefe/a de estudos do centro.
- Coordinadores/as de cada itinerario.

Para engadir cada un dos integrantes do Equipo de Formación deberás de seguirse os pasos indicados na seguinte imaxe:




En caso de error, seleccionar á persoa e premer **Eliminar.**

## *Participantes*

Unha vez que todas as seccións anteriores están completas, procédese a indicar os participantes en cada actividade, tal e como se indica:




Seleccionar a actividade na que se queren inscribir os participantes correspondentes, premendo **Modificar.**

Aparecerá un resumo da actividade e a relación de todo o profesorado pertencente ao centro. Para seleccionar participantes, só é necesario **Seleccionalos** e **Gravar.**



***Orzamento***

Neste apartado deben indicarse os datos que se indican na seguinte imaxe:



## *Indicadores*

Os Indicadores téñense en conta para avaliar o alcance dos obxectivos do PFPP, polo que a súa redacción deba ser obxectiva e avaliable.

Existen dous tipos de indicadores

- **De aplicación en aula**, vinculado aos recursos creados e aplicados polo profesorado participante.
- **De impacto en aula**, vinculado aos resultados obtidos polo alumnado da aplicación de ditos recursos.




Para establecer os indicadores que servirán para avaliar cada Itinerario, premer **Engadir.**
Aparecerá unha nova sección, onde deberán cubrirse unha serie de datos, tal e como se indica na seguinte imaxe:
*Exemplo de avaliación de aplicación en aula:*




Premer **Volver** para poder continuar coa introdución de máis indicadores.

## *Outros exemplos de avaliación da aplicación na aula*

| Itinerario | Característica | Indicador | Criterio de aceptación | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| Transformación dixital dos centros | Estratexias para o aula incorporando as tecnoloxías dixitais | Uso do libro de cualificacións | O 75% do profesorado participante ten configurado o libro de cualificacións dos seus cursos da aula virtual | Ao longo do curso |
| Biblioteca escolar | Programa KOHA | Xestión da biblioteca escolar mediante o programa KOHA | O 80% do profesorado implicado e quen de xestionar os fondos da biblioteca a través do programa KOHA | 3º trimestre |
| Polos creativos | Proxectos experimentais | Desenvolvemento na aula dun proxecto experimental e manipulativo | O 80% do profesorado participante desenvolve cando menos un proxecto experimental e manipulativo co alumnado | Ao longo do curso |
| Emerxencias sanitarias no ámbito educativo | RCP básica | Realizar maniobras de RCP básica | O 80% do profesorado participante coñece como facer una RCP básica | 2º trimestre |
| Radio escolar | Proxectos para a integración da radio escolar | O profesorado deseña proxectos de aprendizaxe baseados no uso da radio escolar | O 80% do profesorado participante deseña polo menos unha actividade de aprendizaxe baseada no uso da radio escolar | Ao longo do curso |

## *Exemplo de avaliación de impacto en aula:*


PFPP 2024/2025

Xestión do indicador

Itinerario *

Transformación dixital do centro

Característica

Aprendizaxe a través da plataforma Moodle

Indicador

Emprego da plataforma Moodle como proceso de aprendizaxe virtual

Criterio aceptación

O 70% do alumnado do profesorado participante é autónomo no emprego da plataforma Moodle

Temporalización

3º trimestre

Gravar Eliminar Volver

## *Outros exemplos da avaliación do impacto na aula*

| Itinerario | Característica | Indicador | Criterio de aceptación | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| Transformación dixital dos centros | Reforzo das aprendizaxes a través da plataforma Moodle | Emprego da plataforma Moodle para reforzar procesos de aprendizaxe | O 80% do alumnado do profesorado participante completa actividades de reforzo na plataforma Moodle de xeito autónomo | 2º trimestre |

| Itinerario | Característica | Indicador | Criterio de aceptación | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| Biblioteca escolar | Autonomía no uso da biblioteca | Alumnado capacitado para usar a biblioteca de xeito autónomo | Alomenos o 50% do alumnado usuario da bilioteca é capaz de facer uso da mesma de xeito autónomo | Ao longo do curso |
| Polos creativos | Resolución de retos | O alumnado é quen de resolver retos plantexados a través da investigación e da experimentación | O 60% do alumnado do profesorado participante resolve algún reto plantexado, empregando a investigación e a experimentación | Ao longo do curso |
| Emerxencias sanitarias no ámbito educativo | Alertas sanitarias | Protocolos de actuación nas alertas sanitarias máis frecuentes no ámbito educativo | O 50% do alumnado do profesorado participante coñece os protocolos a seguir ante as alertas sanitarias máis recorrentes no ámbito educativo | 3º trimestre |
| Radio escolar | Actividades colaborativas a través do uso da radio escolar | O alumnado participa en actividades colaborativas nas que se usa a radio escolar como espazo de creación de contidos dixitais a través dos cales comunicar coñecementos, reflexións ou experiencias | O 75% do alumnado do profesorado participante colabora activamente no desenvolvemento das actividades | Ao longo do curso |

## *Medidas*

Nesta derradeira sección deben indicarse as medidas que o centro e o grupo de participantes adoptarán para poder acadar os obxectivos do PFPP. Na seguinte imaxe indícanse algúns exemplos válidos para cada un dos apartados.

### PFPP 2024/2025

Medidas organizativas internas do centro previstas para o desenvolvemento do plan

Facilitar o equipamento e os espazos para a realización das sesións de traballo en equipo do profesorado participante.
Introducir as medidas internas necesarias para a aplicación no centro dos resultados e materiais producidos no seo do PFPP.

Seguimento e avaliación do plan

A través das reflexións e rexistros do traballo realizado na aula, da asistencia ás sesións de formación, das postas en común, das actas e da memoria final da actividade.
A través dos indicadores incluídos neste PFPP.

Aplicación na aula ou no centro

Fomentarase entre o profesorado participante que a aplicación da formación repercuta nas aulas/no centro de xeito inmediato.
Coordinación entre os participantes no PFPP para aplicar nas aulas e no centro os materias producidos.
Facilitar canles para a difusión dos materias producidos e os coñecementos adquiridos entre outros membros do claustro que non participan directamente no plan.

Relación detallada de materiais que se pretenden elaborar e documentos que se van entregar

- Vídeos explicativos para a docencia,
- Materiais dixitais interactivos creados con H5P,
- Actividades complementarias para introducir o equipamento de Polos creativos: plotter de corte, impresora 3D, máquina de coser...,
- Fichas de traballo contextualizadas e actividades de reforzo para o alumnado,
- Manual de primeiros auxilios no eido escolar e carteis informativos,
- Fichas para traballar a regulación emocional,
- Gravacións de entrevistas e creación dun podcast
- Memoria final

Na memoria final incluiranse evidencias (imaxes, capturas de pantalla, ligazóns web, traballos do alumnado, materiais elaborados, etc.) da posta en práctica na aula e a difusión realizada.

Gardar Volver

## PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

**Proxecto PFPP a iniciar no curso 2024-2025**

Unha vez que todos os apartados están completos, deberanse xerar os informes correspondentes que se teñen que entregar para a presentación do proxecto do PFPP.

**Detección de Necesidades**

- Ir ao apartado **Detección de Necesidades**.
- Premer **Xerar Informe**.
- Aparecerá no Buzón de Informes co nome "Detección necesidades PFPP (PFPP 2024/2025-CÓDIGO DO CENTRO-NOME DO CENTRO").

**Anexos:**

- Ir ao apartado **Datos da Actividade**.
- Premer **Xerar Informes**.
- Aparecerán no Buzón de Informes os seguintes documentos:
    - Anexo I (PFPP 2024/2025-CÓDIGO DO CENTRO-"NOME DO CENTRO").
    - Anexo II (PFPP 2024/2025-CÓDIGO DO CENTRO-"NOME DO CENTRO").
    - Certificado de información en claustro e consello escolar (PFPP 2024/2025-CÓDIGO DO CENTRO-"NOME DO CENTRO").

**Proxecto PFPP de continuidade**

Unha vez que todos os apartados están completos, deberanse xerar os informes correspondentes que se teñen que entregar para a presentación do proxecto do PFPP.

**Anexos:**

- Ir ao apartado **Datos da Actividade**.
- Premer **Xerar Informes**.
- Aparecerán no Buzón de Informes os seguintes documentos:
    - **Anexo II** (PFPP 2024/2025-CÓDIGO DO CENTRO-"NOME DO CENTRO").
    - **Certificado de información en claustro e consello escolar** (PFPP 2024/2025-CÓDIGO DO CENTRO-"NOME DO CENTRO").

Todos os documentos a presentar deberán firmarse, cuñarse e presentarse por **correo electrónico**:

asesor-a@edu.xunta.gal

Asunto: PFPP 2024/2025-CÓDIGO DO CENTRO-NOME DO CENTRO

A data límite para a súa presentación é o **10 outubro de 2024.**